



# ACTIVIDADES DO MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA E DA SÚA ASOCIACIÓN DE AMIGOS

---

---

O Museo do Castro de Viladonga, cumprindo as funcións que lle son propias, desenvolveu, entre os meses de maio de 2015 e abril de 2016, diversas actividades nos eidos da conservación, a investigación e a difusión.

Realizáronse traballos de **acondicionamento, consolidación arqueolóxica e posta en valor** de dez estruturas do Castro, continuación dos desenvolvidos en anos precedentes; foron promovidos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, financiados con fondos Feder e realizados pola empresa *BIC, Materiales y Conservación S.L.* nos meses de maio a setembro. Os labores realizados e os seus resultados reséñanse en dous artigos desta mesma revista. Dita empresa, en colaboración coa ONCE, deseñou unha mesa táctil con reproducións de varias pezas do Museo e textos en braille, reforzando así a política de accesibilidade que constitúe unha das teimas do Museo.

Durante o ano ó que nos estamos a referir, ingresaron un total de 140 pezas procedentes das escavacións asociadas ás intervencións de conservación no Castro e unhas 17.000 aportadas polas escavacións en varios xacementos da provincia e da cidade de Lugo, xa que o Museo é o centro de referencia para a custodia deses materiais arqueolóxicos.

En canto ás actividades de divulgación e difusión, continuouse coas que se veñen facendo desde hai algúns anos con bos resultados, especialmente dirixidas ós grupos escolares como complemento da visita ó Museo e ó Castro. Ós **obradoiros de**

**arqueoloxía e de numismática**, engadíronse este ano outros dous: o **obradoiro de cerámica**, que se ofertou para escolares en dous formatos: de cerámica a torno, coa empresa de Lugo Barroenvivo, durante os martes dos meses de maio e xuño e de cerámica a man, co persoal do Museo durante todo o ano e o **obradoiro de restauración**, durante os meses de maio e xuño, en colaboración coa empresa que leva a cabo os traballos de consolidación e restauración no Castro e que consistiu na participación na elaboración dos morteiros que se utilizan na consolidación das estruturas do Castro.

Tralo éxito acadado en anos anteriores, repetíronse este as **Visitas Teatralizadas** dirixidas a escolares de entre 4 e 12 anos. É un xeito diferente e divertido de facer visitas guiadas con personaxes doutro tempo contando a vida dos antepasados, encarnados polos actores da compañía Teatro do Miolo, que, durante aproximadamente unha hora, percorren o Museo e o Castro de Viladonga.

No Nadal de 2015 ofreceuse a actuación do pallaso Isaac Rodríguez ou **Peter Punk** quen, durante 60 trepidantes minutos, mostrou a súa destreza con bolas, mazas, aros etc. e fixo innumerables figuras de globoflexia, nun espectáculo de gran éxito entre o público infantil que visitou o Museo eses días.



No mes de novembro abriuse a **exposición “Aves da contorna de Viladonga”**, realizada en colaboración coa Escola Politécnica Superior de Lugo da USC e a Asociación para el Estudio y Conservación de la Biodiversidad, Numenius, na que se presentan as especies de aves máis frecuentes nos arredores do Castro de Viladonga e os seus diferentes hábitats.

Como é tamén habitual, o 18 de maio celebrouse o **Día Internacional dos Museos**, que este ano tivo por lema “Museos para unha sociedade sostible”. Para conmemoralo programouse a actuación do grupo Cal y Canto Teatro, que despregou na croa do Castro unhas impactantes coreografías con cometas de animais fantásticos, un espectáculo que tivo por título A-TA-KA.

Para celebrar a **Noite dos Museos**, evento de ámbito europeo, o Consello de Europa escolleu o sábado 17 de maio. Desenvolveuse un programa que incluíu música tradicional a cargo da Asociación Cultural “Os Valuros” de Castro de Rei, demostración de fiado e cardado da lá e animación musical tradicional a cargo da Asociación Cultural “Bolboreta Fiandeira”, de Lugo, recreación histórica no Castro a cargo da Asociación Cultural “Treas Galaicas”, tamén de Lugo, que fixo obradoiros de reprodución de cerámica mediante a técnica de “churros” e impresións sobre barro de elementos vexetais, de sons castrexos a base de elementos naturais como pedras, cunchas, paus, etc. e un obradoiro cun pequeno tear para a realización de tecidos. Houbo tamén un concerto da banda de blues Miki Nervio & The Bluesmakers.



Para rematar, a Asociación de Amigos do Museo ofreceu un refrixerio con petiscos, bebida e queimada e fíxose a tradicional visita nocturna ó Castro

En canto ás actividades da **Asociación de Amigos do Museo**, ademais da estreita colaboración na organización da Noite dos Museos, participou tamén na edición da Revista Croa, na que se publicaron varios artigos na honra de Felipe Arias Vilas pola súa xubilación como director do Museo, contribuíu ó incremento de fondos da biblioteca e á difusión do Castro e do Museo a través da colaboración con outras asociacións culturais de Lugo e da Chaira e especialmente a través da páxina web [www.aaviladonga.es](http://www.aaviladonga.es).